



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA

25 anos  
2000  
2025

## ACTA DA RESOLUCIÓN DO PREMIO SOMOS ESENCIAIS 2024

O quinto certame 'Somos Esenciais', convocado baixo o lema *A información ao servizo da xente* polo Colexio Profesional de Xornalistas, en colaboración con *Gadis*, recoñece o traballo xornalístico máis salientable sobre temática social en Galicia no ano 2024.

O xurado do Premio Somos Esenciais 2024 estivo composto por: Belén Regueira Leal, decana do CPXG; Ana Isabel Rodríguez Vázquez, decana da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela; Alexandra Kuntz Peiteado e Fátima Carmena Mayorga, en representación de Gadisa; Francisco X. González Sarria, vicedecano terceiro do CPXG; Lara Dopazo Ruibal, vogal da Xunta Directiva de Agareso, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social; Cristina de la Vega Jiménez, xefa de Comunicacións e Relacións Institucionais da Área Sanitaria A Coruña-Cee e delegada da Asociación Nacional de Informadores de Saúde; Alba Chao Vázquez como gañadora da pasada edición; e Darío Janeiro Pereira, secretario do CPXG e tamén do premio, do que levantou a presente acta.

A reunión do xurado tivo lugar o martes, día 1 de xullo. Na mesma, o secretario deu conta dos traballos recibidos, 25 en total entre prensa, radio, televisión, fotografía e internet. A continuación, o xurado deliberou para elixir o traballo gañador, dotado cun premio único de 2.000 euros e diploma acreditativo. Logo de analizar as propostas, o xurado decidiu:

1. Outorgar o premio *Somos Esenciais 2024* á xornalista **Lara Graña Prieto, de Faro de Vigo**, pola súa reportaxe "**García del Cid**", **el buque de luto y cólera**. O xurado destacou o traballo de investigación realizado pola autora, co seguimento exhaustivo dun tema descoñecido para o gran público. O esforzo de Lara Graña sacou á luz un caso que acabou tendo repercusións en distintos ámbitos, sociais, normativos e mesmo parlamentarios, a nivel estatal. A boa execución da investigación compróbase pola gran cantidade de documentación e de fontes manexadas pola xornalista, no que constitúe un exemplo magnífico de investigación xornalística. En resumo, Lara Graña representa, con esta peza, o espírito do galardón, cun xornalismo vivo e útil para a sociedade.
2. Conceder unha mención de honra como *finalista ao* xornalista **Angel Paniagua** polo seu artigo **La vida tras el suicidio de una hija: «Esto le puede pasar a cualquiera»**, publicada en **La Voz de Galicia**. Nel, cómpre salientar o tratamento coidadoso e profesional dun tema delicado, fuxindo dos estereotipos e da estigmatización que adoitan rodear ao suicidio.



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA

25 anos  
2000  
2025

O xurado quiere amosar a súa satisfacción pola gran calidade dos traballos recibidos nesta edición. As 25 propostas enviadas confirman a necesidade de manter nos medios un espazo para a información social de calidade que achegue distintas realidades coa mirada analítica, crítica e contrastada do xornalismo. Igualmente, consolida un premio que chega, con esta, á súa quinta edición.

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia organizará un acto de entrega do premio nunha data por determinar do que se dará cumprida información. Ademais, esta prevista a celebración dunha xornada sobre xornalismo social despois do verán.

Sen máis asuntos que tratar, e facendo constar o agradecemento da organización aos membros do xurado polo seu traballo desinteresado e complexo; así como os parabéns á gañadora, ao finalista e ao resto de participantes, levántase a sesión.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela, o 1 de xullo de 2025.

Darío Janeiro  
Secretario do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e do premio *Somos Esenciais*